

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027770	A Sardiñeira	Coruña (A)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CMQUI02	Operacións de Laboratorio	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1258	Formación e orientación laboral	2023/2024	0	107	0
MP1258_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	0	45	0
MP1258_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	0	62	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARTA ALONSO CHAO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1258_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP1258_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP1258_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de laboratorio.
(MP1258_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP1258_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP1258_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP1258_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
(MP1258_12) RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en operacións de laboratorio.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1258_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
(MP1258_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en operacións de laboratorio e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
(MP1258_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
(MP1258_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
(MP1258_12) CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.



**Crterios de avaliación do currículo**

(MP1258\_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.

(MP1258\_12) CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.

(MP1258\_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.

(MP1258\_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

(MP1258\_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.

(MP1258\_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de laboratorio.

(MP1258\_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

(MP1258\_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

(MP1258\_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

(MP1258\_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

(MP1258\_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP1258\_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP1258\_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_22) CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

(MP1258\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP1258\_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

(MP1258\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP1258\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP1258\_22) CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP1258\_22) CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP1258\_22) CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP1258\_22) CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP1258\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP1258\_22) CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP1258\_12) CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP1258\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

(MP1258\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP1258\_12) CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP1258\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP1258\_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

(MP1258\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP1258\_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

(MP1258\_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

(MP1258\_12) CA4.1 Defíníronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

(MP1258\_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

Criterios de avaliación do currículo
(MP1258_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
(MP1258_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
(MP1258_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
(MP1258_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
(MP1258_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
(MP1258_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
(MP1258_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio.
(MP1258_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
(MP1258_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
(MP1258_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en operacións de laboratorio.
(MP1258_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
(MP1258_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1258_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de laboratorio.
(MP1258_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP1258_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP1258_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

**Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP1258\_12) RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en operacións de laboratorio.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Criterios de avaliación do currículo**

(MP1258\_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_12) CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP1258\_12) CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_12) CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

(MP1258\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en operacións de laboratorio.

(MP1258\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.

(MP1258\_22) CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP1258\_22) CA3.3 Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP1258\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP1258\_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

(MP1258\_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.



Criterios de avaliación do currículo

(MP1258\_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son:

Unidade formativa de prevención de riscos laborais:

Conceptos básicos de seguridade e saúde no traballo.

Os riscos laborais.

As medidas de prevención e protección fronte ao risco.

A xestión da prevención.

Primeiros auxilios.

Unidade formativa de Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, procura de emprego:

As relacións laborais e o contrato de traballo.

A seguridade social.

A procura activa de emprego.

O traballo en equipo.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

A primeira parte da proba consistirá nun cuestionario tipo test, de opción múltiple, cunha soa resposta correcta, As preguntas mal contestadas serán penalizadas (dúas preguntas incorrectas restarán unha correcta).

Valorarase de 0 a 10, sendo necesario obter un cinco para superar a proba. Será necesario superar esta parte da proba para poder acceder á segunda parte.



A segunda parte da proba consistirá na realización dunha serie de supostos prácticos e/ou exercicios relacionados cos contidos do currículo. A proba valorarase de 0 a 10, sendo necesario obter un 5 para superar a proba.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nun cuestionario tipo test, de opción múltiple, cunha soa resposta correcta, As preguntas mal contestadas serán penalizadas (dúas preguntas incorrectas restarán unha correcta). A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Para superar esta proba deberá obterse un 5. Será necesario superar esta parte da proba para poder acceder á segunda parte

##### 4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na realización nunha serie de supostos prácticos e/ou exercicios relacionados cos contidos do currículo. A proba valorarase de 0 a 10, sendo necesario obter un 5 para superar a proba.

Será necesario para a realización da proba bolígrafo azul e calculadora.